

## DESENVOLVEMENTO RURAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

### NOVAS ASEMBLEAS VECIÑAIS

Desde o Goberno municipal convócanse as segundas asembleas veciñais, espazos comúns para a veciñanza, co obxectivo de

- dar conta a todos as veciñas e veciños dos resultados das propostas recollidas nas anteriores asembleas e a súa evolución.
- e ofrecer a posibilidade de participar e presentar propostas que poidan compeltar ar as liñas de actuación municipal para o vindeiro 2017.

Nestas asembleas poderán participar todas as veciñas e todos os veciños deste concello, **residentes e empadroados** maiores de 16 anos.

En caso de non poder asistir á asemblea, poderase entregar a proposta no Rexistro Municipal ou no enderezo electrónico [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es). Tanto na Casa do Concello coma na web municipal ([www.concellodemoeche.es](http://www.concellodemoeche.es)) hai un modelo de solicitude para estes casos.

**Prazo:** pódense presentar desde o día da primeira asemblea, 7 de outubro, ata a celebración da última, 21 de outubro.

Todas as asembleas están convocadas ás 19.30 h nos seguintes lugares:

**Parroquia de Abade:** venres 7 de outubro, no local social de Abade.

**Parroquia de Labacengos:** sábado 8 de outubro, no local do Ventoeiro.

**Parroquia de San Xoán:** venres 14 de outubro, no salón de plenos da Casa do Concello.

**Parroquia de San Xurxo:** sábado 15 de outubro, no local social do Pereiro.

**Parroquia de Santa Cruz:** venres 21 de outubro, no antigo local electoral.



## PARTICIPA NO TEU CONCELLO !

### REQUISITOS DAS PROPOSTAS

- 1 Serán asuntos de competencia municipal
- 2 Estarán localizadas no termo municipal
- 3 Terán un custo que poida inserirse no orzamento municipal
- 4 Ser concreto e poder cuantificar economicamente.
- 5 Serán preferentemente investimentos



### SERVIZO DE MEDIACIÓN LABORAL

Desde mediados de agosto, rematado o prazo legal de exposición da ordenanza, todas as persoas veciñas de Moeche que o desexen xa poden inscribirse no Servizo de Intermediación Laboral.

O procedemento é moi sinxelo, as persoas maiores de 16 anos empadroadas en Moeche, que queiran, só teñen que ahegarse ao Concello e cubrir un formulario e achegar.

Estase a enviar información deste servizo ás empresas da comarca co fin de que se inscriban cando teñan ofertas de emprego, e xa nos primeiros días algunha delas solicitou datos para algún posto de traballo nas proximidades de Moeche.

## CREACIÓN BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIAR ADMINISTRATIVO

O pasado mes de agosto o Concello de Moeche publicou a convocatoria para inscribirse nunha bolsa de traballo para o posto de auxiliar administrativo. A posta en marcha desta bolsa de emprego ten como obxectivo dispoñer dunha lista de reserva para dar unha solución urxente cando xorden baixas por enfermidade, permisos de maternidade, licenzas e vacantes en xeral. A lista provisional de admitidos na bolsa de emprego, publicada na paxina web municipal e no taboleiro de anuncios, **ascende a 79 persoas e 10 excluídos pendentes de emenda de erros.**

Proximamente o Goberno municipal impulsará unha bolsa de emprego para as prazas de operarios municipais cunha bases que serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia.

## INFORMACIÓN ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Horario das oficinas municipais	Rexistro xeral
<b>Horario de inverno:</b> Do 1 de outubro ao 1 de xuño. <b>Luns a venres:</b> 08.00 a 15.00 h. <b>Atención ao público:</b> 08.30 a 14.00 h.	Coa normativa aprobada polo Goberno do Estado, a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións públicas a partir 3 de outubro o Rexistro Xeral do concello non abrirá os sábados.
	Polo tanto, en cumprimento desta lei o <b>último sábado</b> que permanecerá aberto ao público o Concello será o <b>1 de outubro de 2016.</b>

## NOVAS EXTENSIÓNS TELEFÓNICAS DE ACCESO DIRECTO

Desde hai un mes instalouse no Concello unha liña con extensións telefónicas que permite comunicar directamente co departamento desexado. Deste xeito, ao chamar ao teléfono do Concello, 981 404 006, terá a opción de marcar a continuación a extensión correspondente e acceder aos diferentes departamentos:

<b>Extensión 1:</b> Servizos Sociais.	<b>Extensión 2:</b> Xulgado de paz e departamento de cultura.
<b>Extensión 3:</b> Departamento de deportes.	<b>Extensión 4:</b> Urbanismo (aparelladora, martes e xoves).
<b>Extensión 5:</b> Servizos e estatística.	<b>Extensión 6:</b> Emprego e desenvolvemento rural.
<b>Extensión 7:</b> Rexistro xeral.	

## INSTALACIÓN DE TPV NA CASA DO CONCELLO

Recentemente instalouse na Casa do Concello un sistema de pagamento con tarxeta (TPV) para as inscricións nas escolas deportivas, na piscina, campamentos, cursos, rutas, licenzas, taxas por certificacións urbanísticas, etc. que evita, se se quere, ter que acudir ás entidades bancarias e ao tempo reduce os pagamentos en efectivo nas oficinas.

## HORARIO DE INVIERNO DO CASTELO

A partir do mes de outubro o Castelo de Moeche abrirá as súas portas ao público co horario de inverno:

Sábados, domingos e festivos de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 h.

Manteranse as visitas escolares e de grupos organizados que medraron neste último ano coa inclusión do Castelo no programa de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.

Lémbrales ás persoas empadroadas en Moeche, que non o fixeran, que poden pasar pola Casa do Concello a retirar a tarxeta de acceso gratuito ao Castelo. Esta tarxeta é personal e intransferible e debe utilizarse acompañada do documento de identidade.



## MEDIO AMBIENTE

### AVESPA VELUTINA – Teléfono 112

Ante a presenza de niños de vespas velutinas, nalgún caso de grandes dimensións, LEMBRAMOS QUE É NECESARIO CHAMAR AO 112 e dar os datos de localización. Os niños de vespas velutinas localizados no noso concello serán retirados, de ser posible, polo GES de Ortigueira, a quen lle corresponde a nosa zona.

No Concello de Moeche contamos coa colaboración xenerosa dalguns veciños que dispoñen de equipamento e da persoas da Casa do Mel, de Goente, que axudan a retiralos en casos de perigo (proximidade á vivendas) ou cando se demora a retirada por parte do GES dada a elevada demanda. Queremos facer público o noso agradecemento a estes veciños e á Casa do Mel pola súa axuda ao longo deste verán.



## TRANSPARENCIA

### - Adjudicación da obra dos locais sociais de Protección Civil en Abade, no local do Pereiro e de elementos de insonorización do local de Abade.

A empresa que resultou adjudicataria logo do procedemento negociado foi Construciones Guerreiro S.L. (As Somozas) **A obra realizarase por importe de 79.468,75 € (IVE incluído) e está cofinanciada polo Concello de moeche e pola Deputación da Coruña.**

### - Adjudicación da obra de mellora dos exteriores do colexio (CEIP San Ramón).

A empresa que resultou adjudicataria logo do procedemento negociado foi Huso 29 (As Somozas). **A obra realizarase por importe de 44.436,19€ (IVE incluído) e está financiada pola Deputación da Coruña.**

### - Adjudicación da obras das pistas de acceso a explotacións agrarias, financiada por AGADER e o Concello de Moeche. A empresa que resultou adjudicataria logo do procedemento negociado foi Construciones Mantiñán (Moeche). **A obra realizarase por importe 66.587,67 €**

### - Adjudicación da obras de substitución da iluminación pública da estrada xeral por sistema de iluminación LED. A empresa que resultou adjudicataria logo do procedemento negociado foi Técnicas Enerxéticas Integrals de Galicia (A Coruña), co financiada polo Concello de Moeche e a Xunta de Galicia. A obra realizarase por importe de 40.787,47€

### - Adjudicación da instalación de iluminación pública no parque infantil e no parque biosaudable. A empresa que resultou adjudicataria mediante contrato menor foi ElectroSito S.L.(Moeche), por importe de 5.011,13€ con financiamento da Deputación da Coruña.





## DEPORTES

### ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2016 / 2017

Comezan as escolas deportivas municipais o vindeiro 17 de outubro !!!

**Prazo de inscrición: a partir do luns 12 de setembro e permanece aberto durante todo o curso.**

Os impresos pódense recoller no Departamento de Deportes na Casa do Concello ou descargarlos da páxina web e tramitalos por correo electrónico no enderezo [daniel.feijoo@moeche.es](mailto:daniel.feijoo@moeche.es)

**Data de comezo: LUNS 17 DE OUTUBRO**

#### ESCOLAS INFANTÍS:

para nenos e nenas de 3 a 12 anos (excepto kárate que é a partir de 5 anos) con carácter **gratuíto**.

- **Patinaxe:** 1 hora á semana
- **Baile moderno:** 1 hora á semana
- **Kárate:** 1 hora á semana

#### ESCOLAS DE ADULT@S:

diferentes modalidades.

- **Maiores + (actividade física e saúde):** para maiores a partir dos 50 anos. As clases impartiranse no local social de Abade e no Pavillón Municipal de Deportes.

##### Prezos:

3 horas/semana: 12 €/mes (maiores de 65 anos: 9 €/mes).  
2 horas/semana: 10 €/mes (maiores de 65 anos: 6 €/mes)  
1 hora/semana: 6 €/mes (maiores de 65 anos: 5 €/mes)



- **Movémonos:** destinada a maiores de 12 anos. Impártense clases de tonificación muscular, actividade aeróbica e *circuit-training*. Pavillón municipal de deportes.

##### Prezos:

2 horas á semana: 6€/mes para maiores de 65 anos ou menores de 18 anos  
10€/mes para persoas entre 18 e 65 anos.

- **Pilates:** para maiores de 18 anos; antiga biblioteca municipal (Casabranca).

##### Prezos:

2 horas á semana 10€/mes para persoas entre 18 e 65 anos.  
6€/mes para maiores de 65 anos.

- **Spinning:** maiores de 16 anos.

**Prezos:** 2 horas á semana 10€/mes para persoas entre 18 e 65 anos.  
6€/mes para maiores de 65 anos ou menores de 18 anos.

- **Zumba:** nova actividade nas escolas deportivas dirixida a maiores de 12 anos. Pavillón municipal de deportes.

**Prezo:** 2 horas á semana – 15€/mes.

- **SAFD: Servizo de Asesoramento Físico Deportivo** (Programa de atención personalizada para maiores de 16 anos). Os horarios e días fixaranse en función da demanda e comunicaranse con antelación.

Máis información: 981 404 006 / [daniel.feijoo@moeche.es](mailto:daniel.feijoo@moeche.es)



### ANDAINA POLAS TERRAS DE MOECHE. PARROQUIA DE ABADE

Data: 17 de setembro. Lugar: Abade Hora: 10.30 a 13.00 h Percorrido: 7,5 quilómetros

Seguimos coñecendo o noso concello, e continuamos pola parroquia de Abade. Sairemos da igrexa de Abade ás 10.30 en dirección Gundiao e continuaremos cara ao Carbeiral. Desta vez, metémonos un pouco no concello veciño, San Sadurniño, na parroquia de Bardaos. Achegámonos ás Loibas e xiramos á dereita cara á *Cruz da Reina*, continuando todo recto e antes de voltar a Gundiao, imos cara a Valdixe. E xa nos meteremos no máis complicado do camiño, por pistas forestais, para rematar outra vez na igrexa.

Lembre traer chaleco reflector, calzado cómodo e incluso un caxado ou bastón para apoiarse.

Inscricións no 981.40.40.06 ou enviando unha mensaxe a [correo@moeche.es](mailto:correo@moeche.es)



### SENDEIRISMO: ROTEIRO POR PONTE SEGADE

Data: 08/10/2016 Hora: 09.30 a 14.00 Percorrido: 7/8 quilómetros

Ruta fóra do concello. Trasladarémonos ao concello de Mañón. Visitaremos o lugar de Segade, onde está a Área Recreativa de Ponte Segade. Esta área de lecer está situada preto das inmediacións do río Sor, un dos ríos máis importantes que pasan por Mañón, nun espazo natural con densa vexetación e con presenza de antigos muiños de auga.

O percorrido é duns 7/8 quilómetros, cunha duración aproximada de 2,5 horas. Lembre traer bebida, calzado cómodo, chalecos reflectores e, se alguén o precisa, un caxado ou bastón para apoiarse nas zonas pedregosas. Descansaremos na Área Recreativa de Ponte Segade para tomar o refrixerio.

**Prezo da excursión:** 4€ (nenos ata 12 anos gratis). **Inscricións** ata o 05/10/2016 na Casa do concello.



## BENESTAR SOCIAL

### PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO

Volve o **OBRADOIRO DE MEMORIA**, dirixido a persoas a partir dos 60 anos. Neste obradoiro desenvólvense exercicios específicos para a estimulación das capacidades cognitivas, animación á lectura, mellora da expresión escrita e a ortografía, algo de información da actualidade, cultura xeral, traballo con números e pasatempos de carácter intelectual. E, coma sempre ao rematar, café con pastas e conversa!!!

Datas: todos os venres. Lugar: Biblioteca municipal (na casa do Concello). Hora: 16.00 a 18.00 horas

Máis información chamando ao 981 404 006 (ext; 2)





## CULTURA

### PITUSA SEMIFUSA

Data: 24/09/2016

Hora: 17.30

Lugar: Castelo de Moeche

Da man da Rede Cultural da Deputación da Coruña, chega a Moeche o divertido espectáculo infantil de **PITUSA SEMIFUSA**, logo de encher teatros e foros de vilas e cidades galegas, con música animada.

Un espectáculo participativo e teatral para os pequenos e pequenas capitaneado pola pandereiteira folk Olga Brañas. Con instrumentos de xoguete, Pitusa Semifusa (Xiana Lastra) e a súa avoa directora de orquestra (Olga Brañas), farán unha viaxe pola música todas as nenas e nenos, cantando e bailando, para aprender as familias de instrumentos musicais.

**Entradas;** adquiriranse **a partir do 15 de setembro** na Casa do Concello de 9.00 a 14.00 horas ou o mesmo día na entrada do Castelo. Non hai reserva previa de entrada.

**Prezo: menores de 12 anos entrada gratuita; maiores de 12 anos e adultos acompañantes 3€**



### EXPOSICIÓN PICTÓRICA DE PILAR TUIMIL

**Pilar Tuimil**, unha veciña de Abade, leva anos ofrecéndonos a súa arte a través da pintura e outras manualidades ás que lles dedica parte do seu tempo. Agora iniciamos este ciclo de exposicións cos seus cadros no Castelo de Moeche.

**Inauguración:** venres 16 de setembro ás 19.00 horas.

**Lugar:** sala de exposicións do Castelo de Moeche.

**Datos:** desde o 16 de setembro ao 2 de outubro.



### INSPECCIÓN TÉCNICA DE CICLOMOTORES

A Unidade Móbil de Inspección Técnica de Ciclomotres estará en Moeche o **21 de outubro** no recinto da Feira, na nave dos tecidos .

O horario de atención será de 9.00h a 13.30 h  
Para solicitar cita previa, hai que chamar ao 902 30 90 00 ou a través da web do servizo [www.sycityv.com](http://www.sycityv.com) - Cita previa



## ACTIVIDADES DAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS



### ASOCIACIÓN ECUESTRE 23 DE ABRIL

FINAL DO II CAMPIONATO DE ANDADURA.

**Data:** 1 de outubro.

**Lugar:** no recinto feiral de San Ramón Hora: 16.00



### A.V.V. Val de Moeche

#### AVV VAL DE MOECHE

**Sábados** A partir de setembro, todos as tardes dos sábados, estará aberto o local social do Pereiro para que todo aquel que queira ir a pasalo ben poida. Haberá costura, xogos de mesa, parola cos veciños, etc. . .

ACTUACIÓN MUSICAL CORAL AREOSA

**Data:** 12 de outubro. **Hora** 17.00 horas **Lugar:** Local social do Pereiro  
Actuación musical a cargo da Coral Areosa de Narón e chocolate con doce ao rematar.

EXCURSIÓN Á FEIRA DE SANTOS EN MONTERROSO (Lugo).

**Data:** 01/11/2016

Para máis información tfno. 696 944 914



#### AVV LABACENGOS

EXCURSIÓN Á XXVI FEIRA DA FABA DE LOURENZÁ, PORTO DE RINLO E FÁBRICA DE SARGADELOS

Festa da Faba de Lourenzá, declarada Festa de interese turístico de Galicia; xantar en Ribadeo; visita a Porto de Rinlo, antigo porto de baleas, e visita á famosa Fábrica de Sargadelos, creada en 1806 e situada en Cervo.

**Data:** 01/10/2016. **Prezos:** socios 30€; non socios 35€

Para información, tfno.606 729 038

XII ANIVERSARIO DA AVV LABACENGOS

O humorista **Cándido Pazó** co espectáculo Que comerá o rei?

**Data:** 30/10/2016. **Hora:** ás 17,30 **Lugar:** nave do Ventoeiro.

Van 12 anos e a asociación celébralo c coa actuación do monologuista Candido Pazó, co espectáculo Que comerá o rei?, co financiamento da Deputación da Coruña. Ao remate desta, chocolate con churros.

#### A.D.C.R. MOECHE

O equipo de fútbol do A.D.C.R. Moeche comezou xogando na casa a súa participación na liga de 2ª autonómica o día 4 de setembro.

A Xunta Directiva transmítenos a súa petición a veciñanza de Moeche de colaboración e apoio ao equipo coa súa asistencia aos partidos.



#### ESCUDE RÍA MOECHE

3ª RUTA TURÍSTICA ESCUDERÍA MOECHE

A Escudería Moeche celebrará a terceira edición da súa ruta turística, proba puntuable para o "Open de Rutas Turísticas Ferrolterra 2016".

**Data:** 1 de outubro.

Inscripcións abertas ata o 28 de setembro, no Bar Xambas.

<http://slalommoche.weebly.com/rutas-turistacutesticas>



## Programa Bono Coidado. Axudas económicas ás familias para a atención a domicilio de menores de 3 anos

**Orde do 11 de agosto de 2016 pola que se establecen as axudas económicas ás familias para a atención a domicilio de menores de 3 anos a través do programa Bono Coidado.**

**Publicación:** DOG nº 161 do 26/08/2016

**Obxecto:** regular a concesión e convocar axudas económicas ás familias con menores de tres anos que residan en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares.

**Tipo de axuda:** A axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio, nos seguintes supostos:

- Enfermidade do/a menor e imposibilidade de ser coidado/a polos membros da unidade familiar.
- Enfermidade da persoa coidadora habitual.
- Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación.
- Situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado, tanto do cónxuxe ou parella como de familiares ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, que impidan a atención do/a neno/a polos membros da unidade familiar.

Concederáse un **máximo de 80 horas por familia** para a totalidade do período subvencionado (un máximo de **20 horas na anualidade 2016** e de **60 horas na anualidade 2017**). Este crédito horario diminuírá proporcionalmente a partir do 1 de outubro de 2016 en función do momento de solicitude da axuda.

**Período subvencionable:** Desde o día 27 de agosto de 2016 ata o 1 decembro de 2017.

**Prazo de presentación:** ata o 30 de setembro de 2017

## Complemento para persoas que reciban unha pensión non contributiva e residan nunha vivenda alugada

**Orde do 4 de agosto de 2016 pola que se publican os modelos actualizados de solicitude e complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das persoas pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva para presentar na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**Obxecto:** regular un complemento de pensión de 525 euros anuais, en pagamento único, dirixido a persoas beneficiarias de pensión non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e residan de forma habitual nunha vivenda alugada como titular do contrato, sempre que a persoa propietaria daquela non teña relación de parentesco coa persoa pensionista ata o terceiro grao.

**Publicación:** DOG nº 156 do 19/08/2016.

**Prazo de presentación:** ata o 31 de decembro de 2016.

## Tarxeta Xente Nova

**Orde do 8 de agosto de 2016 pola que se regula o establecemento dunha tarifa específica para a xente no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia.**

**Obxecto:** regular unha tarifa específica aplicable ao colectivo de persoas usuarias do transporte público regular interurbano de uso xeral incluídas na categoría de xente nova (persoas con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos de idade, incluídos).

**Publicación:** DOG nº 161 do 26/08/2016